

escénika

Campus Internacional de Verán ^{Artes} Escénicas

Unha iniciativa da AGADIC realizada pola ESAD de Galicia
Coordinación: Nuria Montero Gullón e Roberto Pascual Rodriguez

A ESAD de Galicia quere dar continuidade ao **Campus Internacional das Artes Escénicas**, que na súa primeira edición de 2008 obtivo e suscitou un interese que superou todas as expectativas. O Campus de Verán ten como finalidade ofrecer un espazo para o encontro, a formación permanente, o intercambio de experiencias e a promoción de foros de análise, debate e creación arredor das artes escénicas e das disciplinas que lle son propias. Esta iniciativa tamén abre liñas de encontro e intercambio con artistas procedentes doutras culturas e países. Coa consolidación dun Campus Internacional de Verán específico a ESAD de Galicia afirma o seu compromiso co desenvolvemento e regularización do sistema cultural galego.

www.esadgalicia.com

de.seño: daviúmorfol

ESAD GALICIA
Escola Superior de Arte Dramática

escénika
Campus Internacional de Verán ^{Artes} Escénicas



Taller de guiión.

Raúl Dans.
VIGO (ESAD > Escola Superior de Arte Dramática de Galicia).
Do 29 de xuño ao 3 de xullo · 20 horas · Horario: de 10h00 a 14h00. **10 prazas.**

Entre a sinopse argumental e o guiión, un paso indispensable na produción de series de ficción para a televisión no marco do audiovisual galego: a escaleta, o documento de base a partir do cal se desenvolve o traballo do dialoguista. Curso práctico sobre a técnica do escaletado, o proceso durante o que se crean as tramas e se estrutura o argumento dun episodio de ficción para a televisión. O alumnado do obradoiro deberá coñecer "Os Soprano" e ter visto recentemente os tres episodios finais da serie.

Raúl Dans é guionista e autor teatral. Traballou como actor nas compañías Luís Seoane e CDG. Tamén na dobraxe. Estudou guiión e escrita dramática con Sanchis Sinisterra, Robert McKee ou Simon Feldman. Gañou o Premio Rafael Dieste no ano 93 coa obra Matalobos, o Álvaro Cunqueiro con Lugar ou o Premi Born no ano 97 con Derrota. Ademais, tamén obtivo galardóns do audiovisual, o Mestre Mateo ao mellor guiión en 2003 e 2005 por Terra de Miranda e As leis de Celavella, respectivamente. Autor de varios textos dramáticos ou do singular ensaio Confesiões dun practicante. As aventuras dun dramaturgo en Galicia, volume de ton autobiográfico e compendio reflexivo de diversos artigos sobre a dramaturxia no sistema teatral galego.

Aproximación á dramaturxia portuguesa.

Paulo Eduardo Carvalho.
VIGO (ESAD > Escola Superior de Arte Dramática de Galicia).
Do 29 e 30 de xuño · 8 horas · Horario: de 16h00 a 20h00. **10 prazas.**

Sesións preparatorias para o taller de dramaturxia de Vieira Mendes, onde o crítico, tradutor e dramaturxista portugués realizará unha reflexión e propondrá un debate analítico sobre a situación da dramaturxia portuguesa contemporánea.

Paulo Eduardo Carvalho é profesor da Facultade de Letras da Universidade do Porto e colaborador do Centro de Estudos de Teatro (Universidade de Lisboa) e do Centre for English, Translation and Anglo-Portuguese Studies (UP). Ten publicado diversos artigos en revistas nacionais e estranxeiras, nos dominios dos estudos teatrais. En 2006, publicou un vasto estudo monográfico sobre a carreira de Ricardo Pais, Actos e Variedades.

É membro do consello de redacción da revista Sinais de Cena e do comité executivo da Asociación Internacional de Críticos de Teatro, sendo actualmente o Director de Seminarios daquel organismo. En colaboración con diferentes compañías e directores de escena, ten realizado a tradución e dramaturxia de diversos dramaturgos contemporáneos de lingua inglesa, como Samuel Beckett, Brian Friel, Tom Murphy, Harold Pinter, Caryl Churchill ou Martin Crimp.

Introdución ao teatro lírico.

Ignacio García.
VIGO (ESAD > Escola Superior de Arte Dramática de Galicia).
Do 29 de xuño ao 3 de xullo · 20 horas · Horario: de 16h00 a 20h00. **20 prazas.**

A ópera lírica foi considerada historicamente como a obra de arte total na que todas as disciplinas artísticas (pintura, escultura, arquitectura, música, teatro, danza) se podían sumar para crear un espectáculo integral. Por iso, o seu funcionamento é moi complexo. Este curso pretende achegar ao alumno unha visión esquemática da historia do xénero e un coñecemento dos sistemas de produción, en tempos e medios materiais e humanos, para despois poder entrar nunha análise específica do traballo que o director de escena realiza para converter o material dramático-musical en realidade escénica.

Ignacio García é licenciado en dirección de escena pola Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid. Gañou o premio para novos directores da ADE e o I certame de creación escénica organizado polo Teatro Real de Madrid. Desde febreiro de 2004 é adxunto á Dirección Artística do Teatro Español de Madrid. Dirixiu varios espectáculos no Teatro Real, Zarzuela, Español, Albéniz e María Guerrero de Madrid, Arriaga e Euskalduna de Bilbao, Principal de Mahón, Pergolesi de Jesi, Ópera de Lausanne, García Barbón e Auditorio de Vigo, Colón da Coruña, Auditorio cidade de León e nos festivais de Galicia, Mozart da Coruña, Almagro, Niebla, Scandicci, Perelada, Aranjuez, Flamenco de Londres, Biennale de Venecia, o St. George's Hall de Liverpool, a Schauspielhaus de Bremen, Ópera Baltycka de Gdansk, Utrecht e Kursaal de San Sebastián. Entre os seus próximos proxectos están a dirección de teatro no Español de Madrid e no Teatro Lope de Vega de Sevilla, ademais de invitacións das Óperas de Trieste e Atenas para dúas novas producións de ópera. Nos últimos anos compaxina o seu labor como director de escena coa pedagogía sobre o teatro lírico, impartindo cursos en España, Italia e Inglaterra e participando en diversos seminarios, masters e congresos sobre a materia.



Solucitudes e Inscripción

Ata o día 26 de xuño de 2009

Para solicitar calquera curso deberase seguir o procedemento que se indica a continuación:

- 1.- Cubrir o impreso *Solicitud Inscripción Actividades ESAD* que encontrará na Secretaría da ESAD ou en www.esadgalicia.com/secretariavirtual
- 2.- Enviar o impreso debidamente cumprimentado xunto ao curriculum vitae a:
escenika.formacion@esadgalicia.es
ou **ESAD Galicia > Apdo. 2102 - 36208 Vigo (Pontevedra)**

As prazas adjudicaránse atendendo ao currículo profesional alegado na solicitude ou a criterios específicos realizados polos docentes de cada curso. Elaborarase unha quenda de espera para cubrir posibles vacantes. Esta información será comunicada individualmente mediante correo electrónico e na páxina web da ESAD: www.esadgalicia.com

O custo de cada curso é de 50 €. Para o alumnado da ESAD de Galicia é de 35 €. Unha vez notificada a aceptación de inscrición será necesario facer o aboamento das taxas na conta da ESAD, indicando o nome, documento de identidade e título do curso.

Caixanova 2080 0016 13 0040023598



Xograres da palabra: o conto, a historia tabernaria, o monólogo cómico...

Cándido Pazó.

VIGO (ESAD> Escola Superior de Arte Dramática de Galicia).

Do 29 de xuño ao 3 de xullo · 20 horas · Horario: de 16h00 a 20h00. 20 prazas.

Curso sobre a narración oral e a arte de contar historias en canto que disciplina actual. Un taller no que se traballará sobre a xestión da comunicación directa co público, a oratoría e a retórica escénica, a dramaturxia do relato e a improvisación oral.

Cándido Pazó é un asiduo dos locais onde se programan todo tipo de espectáculos orais: historias, contos, humor, monólogos, narracións... En directo, en radio e televisión. Presente en numerosos eventos e festivais internacionais de oralidade. Seleccionado polo Fórum Barcelona 2004 para facer temporada no seu espazo dedicado á oralidade. Actuou como narrador oral, ou impartiu seminarios sobre a materia, para distintas universidades.

A súa presenza escénica como conteiro está influída polo seu oficio teatral, nun estilo que vai desde o xograresco ao máis coloquial, procurando o equilibrio entre o culto e o popular, cunha marcada tendencia á improvisación e á digresión, o que lle permite axeitarse ás circunstancias concretas de cada público e situación. E autor da maior parte das súas historias (inda que tamén as recolle da tradición e da literatura) e ten quenenza polo chamado conto tabernario ou de tertulia: enfiados de anécdotas, sucesos e personaxes que demostran que a realidade supera á ficción.

Ademais, é actor, autor teatral, guionista de series televisivas e director de escena con numerosos espectáculos estreados e premiados, entre os que destacan: O Melro Branco (Premio Xeración Nós de Teatro Infantil 1989) Commedia, un xogete para Goldoni (Premio Compostela 93 e Premio de la Crítica del País Valenciano 94), Nano (Premio María Casares 99), O bululú do linier (Premio María Casares 2000), Niqui-Naque (Premio Max 2002), Bicos con Lingua (Premio María Casares 2004), García (Premio María Casares 2005), A piragua (Premio María Casares 2008), Emigrados (Premio Max 2008) ou E ti quen vés sendo?, etcétera.

Creación, xestión e profesionalización dunha compañía teatral.

José Manuel Garrido e Eva Alonso.

VIGO (ESAD> Escola Superior de Arte Dramática de Galicia).

Do 29 de xuño ao 3 de xullo · 20 horas · Horario: de 10h00 a 14h00. 20 prazas.

Como fago para desenvolver a miña propia poética como director? Como podo crear a miña propia compañía? É necesario converterme en empresario para levar a cabo un proxecto escénico? Como se realizan as solicitudes de subvencións? Como podo chegar a ser actor dun teatro oficial?

Que alternativas de asociación hai entre os titulados en artes escénicas? O actor (ou o director) como axente artístico e axente social. Reflexións sobre o actual perfil laboral do profesional das artes escénicas baseado na produción artística e na xestión cultural. Este curso pretende facilitar ao alumnado unha serie de ferramentas de xestión e organización para, dende os ámbitos lexislativo, financeiro e laboral, levar a cabo o proceso de constitución e inicio da actividade de produción dunha compañía teatral. No curso, ademais de coñecer unhas necesarias nocións para a preparación de documentación de subvencións, obtención de patrocinios, planificación estratéxica, etc., o alumnado atopará un espazo aberto ás cuestións de ámbito máis particular e específico, con casos reais ou supostos, adecuados á realidade teatral galega.

Eva Alonso realizou cursos como Xestión de públicos organizado por Redescena, Xestión de subvencións organizado pola Deputación da Coruña ou Producción, xestión e distribución organizado pola Fundación Autor. Traballa facendo a produción de diversos espectáculos teatrais como Imperial café Cantante, Romeo e Xulieta de Teatro do Noroeste ou As últimas lúas de Lagarta Lagarta. Tamen foi xefa de produción de curtametraxes.

José Manuel Garrido é asesor cultural e produtor de espectáculos, Director Xeral do Teatro de Madrid, Director da Muestra de Teatro de las Autonomías, Vicepresidente de APTEMDE (Asociación de Produtores de Teatro, Música, Danza y Empresarios de Espacios Escénicos de Madrid), Vogal do Consejo Estatal de las Artes Escénicas y de la Música, novo órgano consultivo do Ministerio de Cultura. Foi director do INAEM e Conselleiro de Cultura do Goberno de Murcia.

Taller de dramaturxia.

José María Vieira Mendes.

VIGO (ESAD> Escola Superior de Arte Dramática de Galicia).

Do 1 ao 3 de xullo · 12 horas · Horario: de 16h00 a 20h00. 10 prazas.

O que máis me ten intrigado na escrita para o teatro é o conflito paradoxal da literatura e do teatro, campos artísticos con diferentes dimensións (a bi- e a tridimensional), diferentes puntos de partida e chegada (o solitario e o colectivo), diferentes tempos (a permanencia do texto e a perennidade do teatro) e tantas outras contradicións que embarazan calquera convicción. Non propoño exercicios de escrita, non traio respostas e por tanto non poido ofrecer certezas. Propoño, si, aproveitar un pouco do meu percorrido dramaturxico, sobre todo a miña máis recente ligazón ao Teatro Praga (www.teatropraga.com) para abordar as cuestións que máis me inquietan no presente. Discútase pois sen a ansiedade de encontrar verdades que duren máis aló dun día.

José María Vieira Mendes naceu en 1976 e escribe e traduce para o teatro. Os seus textos (publicados en Teatro, Cotovia, 2008) foron na súa maioría producidos polos Artistas Unidos e máis recentemente polo Teatro Praga, a quen se xuntou como membro permanente da compañía. Foi traducido para o inglés, francés, italiano, español, polaco, noruegués, eslovaco, sueco e alemán, con producións en Alemaña ou Suecia. Gañador, entre outros, do premio António José da Silva 2006 e Prémio Revelação Ribeiro da Fonte 2000.

Ambientación sonora. Montaxe musical para teatro.

José Antonio Gutiérrez.

VIGO (ESAD> Escola Superior de Arte Dramática de Galicia).

Do 6 ao 10 de xullo · 20 horas · Horario: de 16h00 a 20h00. 20 prazas.

A montaxe musical no teatro. A música como elemento expresivo dentro dunha situación dramática. As músicas que nacen dos personaxes, das situacións ou dos espazos. Os efectos de son no teatro. O tratamento e amplificación das voces como recurso expresivo. As distintas maneiras de se relacionar co director do espectáculo. A relación do deseñador de son co escenógrafo e cos actores e actrices. Técnicas de edición para unha banda sonora. Proceso da banda sonora dun espectáculo: lectura, relación co director, elaboración de propostas, ensaios na sala, ensaios no escenario e estrea. Práctica de edición.

José Antonio Gutiérrez leva traballado dende 1985 en máis de cen espectáculos como deseñador da banda sonora. O director co que máis ten colaborado é Mario Gas, e tamén frecuentemente con Elisa Crehuet, Rafel Duran, Carmen Portaceli, Carles Alfaro, Sergi Belbel, Angel Facio, Joan M. Gual, Lourdes Barba, Herman Bonnin, Mariano Barroso, Rosa Novell, Mariona Masgrau, Magda Puyo, Vol Ras, La Fura dels Baus, Els Comediants, José Luis García Sánchez, Angel Montesinos, Manel Dueso, Antonio Simón, Joan Castells, etc. Participou en espectáculos de danza de, entre outros, Compañía Marta Carrasco, Metros - Ramón Oller, Ileaacán Danza, Increpación, etc. Responsabilizouse tamén da dirección de escena dunhas corenta producións de ópera no Teatro do Liceo de Barcelona, Madrid, Santiago de Compostela, A Coruña, Oviedo, Bilbao, Mahón, Santander, Córdoba, Tenerife, etcétera.

Plástica do espectáculo teatral para profesorado.

(Espazo escénico, iluminación, caracterización e indumentaria).

Alejandra Montemayor, Antoni Martín Domenech e David Mortol.

VIGO (ESAD> Escola Superior de Arte Dramática de Galicia).

Do 6 ao 10 de xullo · 20 horas · Horario: de 10h00 a 14h00. 20 prazas.

Curso de iluminación, escenografía, indumentaria e caracterización que busca dar opcións para o máximo aproveitamento dos recursos que dispoñen os centros de ensino medio e primario e ideas que axuden a "vestir" un espectáculo do xeito máis sinxelo e efectivo posible.

Alejandra Montemayor Suárez é titulada superior en Arte Dramática, na especialidade de Escenografía. Máster de Posgrado en Deseño de Iluminación Arquitectónica pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid. Escenógrafa, iluminadora, figurinista e responsable de caracterización. Na actualidade é profesora da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e colaboradora da ETSAM (Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid) como profesora invitada. Codirixe o proxecto "díasdéluz" (deseño e creación de luminarias) e colabora coa compañía Imagina Teatro. Obtivo diversos premios, entre eles o Premio á Mellor Escenografía Sevilla Teatro Joven 2008.

Toni Martín Domenech finaliza os seus estudos de Deseño de Moda no ano 1991, licénciase en Arte Dramática, especialidade Escenografía no 2001 e cursa estudos de Belas Artes. Paralelamente realiza cursos de psicoloxía da cor (Steinerschool, Lier, Bélxica), deseño multimedia (Barcelona) e voz (Royhart Theater, Francia). Membro da Asociación de Escenógrafos de Cataluña (Ad'EC). Os seus traballos como figurinista inclúen, entre outros, proxectos en cine, teatro e danza en Europa e América. Membro do Departamento de Vestiario de Televisió de Catalunya (TV3 e Canal 33) de 1997 a 2008. Actualmente combina o seu traballo profesional coa docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

David Mortol é titulado superior en Escenografía pola RESAD de Madrid. Escenógrafo, iluminador e figurinista para diversas compañías de teatro, coordinador de proxectos escenográficos con Gerardo Trotti e decorador en distintas producións audiovisuais. Na actualidade imparte clases de Espazo Escénico e Indumentaria na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e combina o seu traballo docente co de escenógrafo e deseñador gráfico para publicidade.

Creación escénica para profesorado.

(Dirección, voz, corpo e interpretación).

Laura Bello, Antonio Morcillo, Ricardo Solveira e David Bauzó.

VIGO (ESAD> Escola Superior de Arte Dramática de Galicia).

Do 29 de xuño ao 10 de xullo · 30 horas · Horario: de 10h00 a 13h00. 20 prazas.

Curso destinado ao fornecemento de recursos teatrais para profesorado como ferramenta para utilizaren ben nas súas clases ben na dirección dos grupos teatrais dos seus centros. Daranse claves de traballo en catro campos: interpretación, dirección, voz e corpo.

Laura Bello é licenciada en Arte Dramática pola RESAD. Estudou con Leon Rubin na Escola de Arte Dramática de Milieise, Universidade de Londres e técnica vocal e canto no Centro de Formación musical PRELUDIO, con María Luisa Castellano. Traballou como actriz, xefa de sala no Teatro Afili de Madrid e profesora na Escuela Tesis (Toledo), nas Aulas Abiertas da Universidade Complutense de Madrid e actualmente na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Antonio Morcillo é licenciado en Dirección e Dramaturxia polo Institut del Teatre. Premio Marqués de Bradomin 1998 pola obra Los Carniceros e Premio Teatro SGAE en 2001 e 2008 por Despedida II e En experimentos con ratas, respectivamente. Entre as súas montaxes destacan Fuera, delante de la puerta de W. Borchert (dirección e dramaturxia), Dias maravillosos (co-dirección e dramaturxia), El Tiovivo, (dirección sobre texto propio). Así mesmo, participou en cursos de dirección con A. Vasiliev (sobre O cerdeiral, de Chéjov), Cristina Buzoianu (sobre Pirandello) e Sigmund Molik (Voz e corpo).

Ricardo Solveira é licenciado en Arte Dramática pola Real Escola Superior de Arte Dramática de Madrid, na especialidade de Interpretación Xestual. Realiza o Curso de Aptitude Pedagógica na Universidade Complutense da Madrid, impartindo clases de teatro en colexios e institutos. Desde o inicio da posta en marcha da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia no ano 2005 imparte docencia nas materias de Expresión Corporal e Movemento Expresivo. No bienio 2005/07 optén o DEA na Universidade de Vigo.

David Bauzó licenciouse en Arte Dramática na Escola Superior d'Art Dramàtic de Barcelona. Realizou a súa tesina sobre A Gaivot de Txékhov. Formado como psicoterapeuta gestáltico na Escuela Madrileña de terapia gestalt de Madrid, CIPARH. É profesor de Interpretación na ESAD de Galicia e traballou como actor en Macbeth, dirixido por Calixto Bieito para o Teatro Romea de Barcelona.

Curso con La Fura dels Baus.

Vigo: 13 e 14 de xullo

Ribadavia: 15, 16 e 17 de xullo

Horario de mañá e de tarde, a partir das 10h00. 50 prazas.

Grazas á colaboración da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que o 17 de xullo acollerá un espectáculo de inauguración de La Fura dels Baus co gallo do XXV aniversario, o grupo catalán ofrecerá un curso eminentemente práctico onde poderán participar como máximo 50 persoas, seleccionadas mediante un casting que consistirá nunha entrevista persoal e unha proba física.

Haberá unha presentación de La Fura dels Baus a cargo de Pera Tantiñá, unha introdución á linguaxe furera: historia, traxectoria e anécdotas persoais de 30 anos de profesión e vídeos sobre os espectáculos de la Fura dels Baus. Incidirase sobre todo nos macroespectáculos, que é o que se vai traballar no taller. Visionado da coreografía aérea que se terá que realizar e comezo da actividade práctica de construción dun espectáculo, onde as 50 persoas participarán como voluntarias o día 17 no marco da inauguración da MIT Ribadavia 2009. Xogos de coñecemento, queantamento, estiramientos e training físico. Exercicios de expresión corporal. Exercicios de confianza e seguridade. Exercicios de coreografía aérea e accións grupais nas rúas de Bouzas e de Ribadavia. Presentación dos elementos de seguridade a cargo dos técnicos riggers e personalización de materiais.

La Fura dels Baus naceu en Barcelona en 1979. Desde ese ano ata 1983 realizou intervencións teatrais na rúa. O xerme desas primeiras experiencias desenvolveuse nun concepto teatral que exploraba na idea clásica do espectáculo total, a reunión de todo tipo de recursos e técnicas escénicas. A achega máis relevante de La Fura foi a de redefinir o espazo teatral, interactuando co público no espazo que habitualmente se reservaba aos espectadores e adaptando cada espectáculo ao ámbito en que se realizaba. A fusión de técnicas e disciplinas define a "linguaxe furera", un termo que tamén se aplicou aos traballos doutras compañías.

A partir dos anos 90 La Fura diversificou o seu labor creativo e achegouse ao teatro dixital, ás accións de rúa, á posta en escena de proxectos musicais contemporáneos, ao cine, á ópera e á realización de eventos corporativos. En 1992 La Fura dels Baus realizou a cerimonia de apertura dos XX.OO. de Barcelona que foi presenciada en directo por máis de 500 millóns de espectadores.

La Fura dels Baus participou nas celebracións do ano 2000 cun macroespectáculo, L'Home del mileni, que congregou a máis de 20.000 persoas en Barcelona. L'Home del mileni simboliza á perfección unha traxectoria extraordinaria na realización de macroespectáculos relacionados con todo tipo de acontecementos e adaptados ás necesidades do contexto.